



CIRCULAR 19-2022.

XV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB16 E XLIX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB18 HOMES E XLI SUB 18 FEMININO DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o **XV Campionato de Galicia sub16 e XLIX Campionato de Galicia Sub18 Masculino e XLI Sub 18 Femenino individual** xunto co patrocinio do Concello da Pobra do Caramiñal e a colaboración da Asoc. De Atletismo e Deportes do Barbanza, o día 6 de febreiro na Pobra do Caramiñal.

Art.2).- O Campionato disputarase na categoría **Sub16** (anos 2007-2008) e **Sub18** (anos 2005-2006) homes e mulleres.

Art.3).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2022.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o luns 31 de Xaneiro ás 20:00 horas.

Art.5).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

CAMPIONATO DE GALICIA DE CAMPO A TRAVES Sub16 e Sub18			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
12:25	Sub16	Mulleres	2.500 m. aprox.
12:45	Sub16	Homes	2.500 m aprox
13:15	Sub18	Mulleres	3.600 m. aprox.
13:45	Sub18	Homes	3.600 m. aprox

Art.6).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. A apertura será 25 minutos antes e pechará 15 minutos antes da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos/as atletas inscritos/as). Os/as atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición

Art.8).- Entregaranse medallas ós/as tres primeiros/as atletas clasificados a nivel individual. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de



descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.10).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros e nas probas de control da FGA será de 4 euros por proba.

Art.11).- **Condições de participación da categoría Sub 16 e Sub 18:**

Para a participación e a entrega do dorsal, será imprescindible amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Calquera de unha destas tres condicións deberá ser amosada á organización no momento da recollida do dorsal.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.13).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo